

***Daldinia fissa* Lloyd, UN ASCOMICETO POUCO COMÚN NA
PENÍNSULA IBÉRICA ATOPADO EN GALICIA**

por

O.REQUEJO-MARTÍNEZ*

REQUEJO-MARTÍNEZ, O. 2008. *Daldinia fissa* Lloyd, un ascomiceto pouco común na Península Ibérica atopado en Galicia. *Mykes* 11: 7-11.

RESUMO:

Descríbese o taxon *Daldinia fissa* Lloyd, unha cita interesante para a Península Ibérica e primeira para Galicia.

Palabras clave: *Daldinia*, *Pyrenomyces*, *Ascomycetes*, coroloxía, Península Ibérica, Galicia.

REQUEJO-MARTÍNEZ, O. 2008. An infrequently found *Ascomycetes* in the Iberian Peninsula found in Galicia. *Mykes* 11: 7-11.

SUMMARY:

Daldinia fissa Lloyd is described here, as an interesting mention in the Península Ibérica and the first in Galicia.

Keywords: *Daldinia*, *Pyrenomyces*, *Ascomycetes*, chorology, Iberian Peninsula, Galicia.

INTRODUCCIÓN

O xénero *Daldinia* Ces. et De Not. (*Xylariaceae*, *Pyrenomyces*) caracterízase pola súa peculiar estrutura interna, composta de liñas alternas claras e escuras, sendo este un carácter sistemático do xénero que leva a confusión, xa que, ao apreciar as liñas é moi común catalogala como a especie tipo, *Daldinia concentrica* (Bolton: Fr.) Ces. et De Not., e non se parar a revisar o material.

O xénero conta apenas con 20 especies, todas elas con bastante similitude macroscópica (STADLER et al., 2001). Para facilitar as labores identificativas, pódense utilizar as revisións morfolóxicas e moleculares realizadas por outros

* R/ Coruña nº12, Salceda de Caselas E-36470-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luis Freire.

autores (JU et ROGERS, 1997; JOHANNESSON et al., 2000; STADLER et al., 2001), nas que ademais se aportan datos ecolóxicos, biolóxicos, corolóxicos ou, a proposta do uso do KOH (10%) para obter datos adicionais a partires das pigmentacións resultantes (JU et ROGERS, 1997).

METODOLOXÍA

O proceso para identificar a especie veu sendo o habitual, salientar a recolección, para a que fixeron falla varias xornadas xa que se pretendía observar os carpóforos *in situ* perfectamente hidratados e frescos e así recoller mellor os caracteres organolépticos; sendo este un ano inusualmente seco nesta época.

Despois da descrición e toma de datos macroscópicos, procédese o estudo con reactivos químicos, tendo gran relevancia no xénero *Daldinia* Ces. et De Not. a potasa (KOH), tanto a nivel macroscópico coma microscópico.

Tómase un pequeno anaco da superficie do estroma e aplícaselle KOH (10%), tras uns segundos o líquido vira de cor podendo ser violáceo, amarelo verdoso ou aparecer tonalidades negras, tal como xa se indica anteriormente. Este dato é de grande utilidade a hora de separar distintas especies (JU et ROGERS, 1997).

De seguido levouse a cabo un minucioso exame microscópico no que se utilizou: KOH (10%), para comprobar se as esporas presentan fisuras en contacto con este composto e, reactivo Melzer para comprobar a reacción amiloide. As mostras observáronse con obxectivos de 40x e 100x en inmersión en aceite e oculares de 10x, un provisto de micrómetro co cal se efectuaron as medicións das estruturas máis interesantes. Cunha cámara fotográfica acoplada ao microscopio retratáronse as mostras.

A identificación da especie fíxose seguindo as obras de BREINTENBACH et KRÄNZLIN (1984), CETTO (1976), JU et ROGERS (1997) e SAN MARTÍN et al. (1998). A abreviatura dos autores baseouse na obra de BRUMMITT et POWELL (1992).

DESCRICIÓN

***Daldinia fissa* Lloyd, *Mycol. Writings* 7: 1313. 1924**

≡ *Sphaeria concentrica* Bolton: Fr. var. *obovata* Fr.: Fr., *Syst. Mycol.*, 2: 331. 1823

Macroscopía

Estroma que de novo ten forma esférica ata 1 cm que a medida que vai medrando vai desenvolvendo unha especie de estipe o cal lle acaba dando unha forma lixeiramente pírica claviforme que acaba ata os 3,5 x 4 cm. Superficie ao principio pardo avermellada que vai escurecendo ata que de adulta fica negra e cun brillo coma se estivera vernizada. Superficie finamente verrucosa, coas verrugas dunha cor mais clara, que só recobren a parte esférica.

No interior do estroma atopamos os peritecios, dispostos na capa mais externa, con forma tubular de 0,3-0,4 x 0,8-1,3 mm. Baixo os peritecios atopamos unhas liñas concéntricas e alternas claras e escuras. As zonas claras de cor branco, xelatinosas con humidade, son máis anchas cas escuras que son de cor marrón escura case negra. Ambas desaparecen na madurez deixando o interior do ascoma case oco só cuns tecidos cincentos.

Os ascomas mais novos presentan consistencia elástica en estado de humidade, recordando a goma de borrar ao seccionala.

A superficie do estroma ou a parede peritecial con KOH (10%) dan unha cor violeta.

Microscopía

Ascos octosporicos, friables, ápices que azulean aplicando reactivo Melzer.

Esporas de oblongas a elipsoides, lisas, marrón escura, de 10,5-15,1 x 6,9-9,0 μm e $Q_m = 1,6$. Podendo fisurarse en KOH (10%).

Parafises filiformes de 120 x 3,2 μm e pigmentadas.

Subhimenio formado por hifas con pigmentos vacuolares.

Hábitat

Especie carbófila, atopada nun bosque mixto con *Pinus pinaster*, *Quercus robur*, *Quercus rubra*, *Castanea sativa*, *Robinia pseudoacacia* e *Eucalyptus globulus* entre outras especies. A pesares de estar todo o bosque e as árbores queimadas destaca a especial apetencia por *Quercus rubra*, xa que era a única especie arbórea sobre a que medraba de forma moi abundante, compartindo hábitat con outros fungos como *Stereum hirsutum* (Willd.: Fr.) Gray e *Phlebia radiata* Fr.

Material estudado

ESP, Pontevedra, Salceda de Caselas, Parderrubias, 29TNG3657, 26-X-2007, O. Requejo-Martínez, LOU-Fungi 19606. Varios exemplares en distintos estados de madurez.

Observacións

O taxon descrito non presenta especial dificultade a hora de distigui-lo da especie tipo e a máis común do xénero, *Daldinia concentrica* (Bolton: Fr.) Ces. et De Not., a consistencia elástica de novo, o interior do estroma friable na madurez e o evidente estipe son as diferenzas macroscópicas máis salientables.


Trátase dunha especie relativamente rara na Península Ibérica, e tras a nosa revisión bibliográfica, atopáronse varias citas para a metade norte peninsular; ALONSO *et al.* (2001), ANÓNIMO (1990), LLISTOSELLA *et al.* (1986), STADLER *et al.* (2001), pero ningún referente para Galicia.

AGRADECEMENTOS

O Dr. Alfredo Justo, sempre disposto a axudar e dar bos consellos, a Dra. M.L. Castro que puxo os medios para poder realizar esta investigación, e a Roberto Requejo polas aportacións fotográficas



Daldinia fissa



Daldinia fissa, subhimenio e esporas

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, J.L., FERNÁNDEZ VICENTE, J., PÉREZ BUTRÓN, J.L. et PÉREZ PUENTE, A. 2001. Setas de los eucaliptales de la cornisa Cantábrica (III) y catálogo micológico de los eucaliptales (II). *Yesca* 13: 18-38.
- ANÓNIMO. 1990. *Setas del País Vasco, 18ª serie*. Sociedad de Ciencias Naturales Aranzadi; Caja de Ahorros Municipal. San Sebastián. Láminas: 595-630.
- BREINTENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1984. *Champignons de Suisse. Tome I. Les Ascomycètes*. Ed. Mykologia. Lucerne.
- BRUMMITT, R.K. et POWELL, C.E. (eds.). 1992. *Authors of plants names*. Royal Botanic Gardens. Kew.
- CETTO, B. 1976. *I Funghi dal vero, vol. 2*. Arti Grafiche Saturnia. Trento.
- JOHANNESSON, H., LAESSØE, T. et STENLID, J. 2000. Molecular and morphological investigation of *Daldinia* in northern Europe. *Mycol. Res.* 104(3): 275-280.
- JU, Y.-M. et ROGERS, J.D. 1997. A revision of the genus *Daldinia*. *Mycotaxon* 61: 243-293.
- LLISTOSELLA, J. et AGUASCA, M. 1986. El primer "Mini Foray" de la British Mycological Society a Catalunya (1985). *Butl. Soc. Catalana Micol.* 10: 19-33.
- SAN MARTÍN, F., ROGERS, J.D. et JU, Y.-M. 1998. Clave dicotómica provisional para géneros de la familia *Xylariaceae* (*Pyrenomyces*, *Sphaeriales*) de México. *Acta Bot. Mex.* 42: 35-41.
- STADLER, M., WOLLWEBER, H., MÜHLBAUER, A., ASAKAWA, Y., HASHIMOTO, T., ROGERS, J.D., JU, Y.-M., WETZSTEIN, H.G. et TICHY, H.V. 2001. Molecular chemotaxonomy of *Daldinia* and other *Xylariaceae*. *Mycol. Res.* 105(10): 1191-1205.